Vostede preguntaba, señora García, a que se dedica o Goberno municipal. Pois o Goberno municipal dedícase a que o Concello volva a funcionar, a facer que a maquinaria municipal funcione, que os diferentes servizos funcionen, e iso é o que están facendo os diferentes membros do Goberno. Temos unha indicación clara da alcaldesa cunha serie de prioridades, como vostede coñece. Entre outras cousas, desbloquear os proxectos que levaban bloqueados moito tempo, poñendo por riba os intereses da cidade da Coruña sobre calquera outro interese partidario, como vostedes ben saben. Diálogo con tódalas administracións e diálogo con tódalas forzas políticas, e desbloqueo de proxectos pendentes. Quero recordar que cando se fan ese tipo de intervencións, tamén o facía a señora Gallego, que veu a ler o argumentario que prepara o Partido Popular para todos os seus concelleiros e concelleiras dicindo o malísimo que é o Goberno de España. Claro, que a verdade deberían de incorporarlle un anexo ó argumentario e poñer as propostas que fai o señor Casado. Señora Gallego, Pablo Casado *propón destinar parte DOS fondos da Unión Europea contra a COVID aos afectados por Filomena*, di o señor Casado que hai que comprar palas para a neve para a xente de Madrid. Non sei se ten moito que ver con Next Generation ou se ten algo que ver coa transición ecolóxica. Desde logo, son as propostas que fai o líder do seu partido, co cal, ó mellor, en fin, non sei como explicarllo, está moi ben ese argumentario, pero sabe que vale para pouco.

Usted preguntaba, señora García, a qué se dedica el Gobierno municipal. Pues el Gobierno municipal se dedica a que el Ayuntamiento vuelva a funcionar, a hacer que la maquinaria municipal funcione, que los diferentes servicios funcionen, y eso es lo que están haciendo los diferentes miembros del Gobierno. Tenemos una indicación clara de la alcaldesa con una serie de prioridades, como usted conoce. Entre otras cosas, desbloquear los proyectos que llevaban bloqueados mucho tiempo, poniendo por encima los intereses de la ciudad de A Coruña sobre cualquier otro interés partidario, como ustedes bien saben. Diálogo con todas las administraciones y diálogo con todas las fuerzas políticas, y desbloqueo de proyectos pendientes. Quiero recordar que cuando se hacen ese tipo de intervenciones, también lo hacía la señora Gallego, que vino a leer el argumentario que prepara el Partido Popular para todos sus concejales y concejalas diciendo lo malísimo que es el Gobierno de España. Claro, que la verdad deberían de incorporarle un anexo al argumentario y poner las propuestas que hace el señor Casado. Señora Gallego, Pablo Casado propone destinar parte de los fondos de la Unión Europea contra el COVID a los afectados por Filomena, *dice el señor Casado que hay que comprar palas para la nieve para la gente de Madrid. No sé si tiene mucho que ver con Next Generation o si tiene algo que ver con la transición ecológica. Desde luego, son las propuestas que hace el líder de su partido, con lo cual, a lo mejor, en fin, no sé cómo explicárselo, está muy bien ese argumentario, pero sabe que vale para*

poco.

Señora García, o desbloqueo dos proxectos se está facendo desde o primeiro día e creo que non son temas menores. Vostede sabe que no pasado mandato non se deu desbloqueado o proxecto da intermodal. Coa nosa alcaldesa ao fronte desbloquéase o proxecto da intermodal.

Señora García, el desbloqueo de los proyectos se está haciendo desde el primer día y creo que no son temas menores. Usted sabe que en el pasado mandato no se dio desbloqueado el proyecto de la intermodal. Con nuestra alcaldesa al frente se desbloquea el proyecto de la intermodal.

A señora Gallego dicía: vai a dicir o señor Lage que se licita o dragado da ría do Burgo. Claro, señora Gallego, vou dicir a verdade, que é que neste mandato é cando se resolve o que vostedes non resolveron, o que non resolveu o goberno anterior da Marea Atlántica. Non ten que parecerlles mal porque é un feito constatable. A que se dedica o Goberno municipal, que é unha boa pregunta? Pois fíxese vostede a que se dedica, pois a conseguir fondos para a casa Veeduría, a conseguir fondos para a Axenda Urbana —que estivo fai pouco tempo a nosa alcaldesa co ministro de Transportes e Mobilidade, o señor Ábalos—, ou a conseguir 12,6 millóns de euros de fondos europeos para a transición ecolóxica. Non é que os vaiamos a anunciar a ver se os conseguimos. Facía a señora Faraldo algún recordatorio do que tiña pasado en épocas pretéritas. Bueno, do que falamos son de feitos. Da pasarela de Pedralonga, pois señora Gallego, gobernaron 4 anos, tiñan Goberno Rajoy, Goberno Feijóo, Goberno Negreira e Goberno Deputación. Que me conta? Cales foron as actuacións que desbloquearon? Porque vostede fixo aí, fixo aí un relatorio bastante extenso, pero vexo que cando ese relatorio bastante extenso o fai vostede, que ademais formou parte dese Goberno municipal, o que constata cada vez que fan iso é que non se dan conta que o que poñen de manifesto é

La señora Gallego decía: va a decir el señor Lage que se licita el dragado de la ría del Burgo. Claro, señora Gallego, voy a decir la verdad, que es que en este mandato es cuando se resuelve lo que ustedes no resolvieron, lo que no resolvió el gobierno anterior de la Marea Atlántica. No tiene que parecerles mal porque es un hecho constatable. ¿A qué se dedica el Gobierno municipal, que es una buena pregunta? Pues fíjese usted a qué se dedica, pues a conseguir fondos para la casa Veeduría, a conseguir fondos para la Agenda Urbana —que estuvo hace poco tiempo nuestra alcaldesa con el ministro de Transportes y Movilidad, el señor Ábalos—, o a conseguir 12,6 millones de euros de fondos europeos para la transición ecológica. No es que los vayamos a anunciar a ver si los conseguimos. Hacía la señora Faraldo algún recordatorio de lo que había pasado en épocas pretéritas. Bueno, de lo que hablamos son de hechos. De la pasarela de Pedralonga, pues señora Gallego, gobernaron 4 años, tenían Gobierno Rajoy, Gobierno Feijóo, Gobierno Negreira y Gobierno Diputación. ¿Qué me cuenta? ¿Cuáles fueron las actuaciones que desbloquearon? Porque usted hizo ahí, hizo ahí un relato bastante extenso, pero veo que cuando ese relato bastante extenso lo hace usted, que además formó parte de ese Gobierno municipal, lo que constata cada vez que hacen eso es que no se dan cuenta que lo

que non foron capaces de sacar adiante ningunha desas ideas ou proxectos dos que seguen a falar **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** —remato, señora alcaldesa— cando se fala de licitar o dragado da ría do Burgo, da pasarela de Pedralonga ou se fala da intermodal, ou vamos a dicilo con claridade, cando a alcaldesa da Coruña chega a un acordo co Presidente da Xunta e se desbloquea a licitación dun novo CHUAC, un novo hospital na Coruña, temos que estar todos de acordo e contentos. Vostede tamén, señora Gallego, vostede tamén ten que estar contenta. Porque temos ó fronte da Corporación a alguén con capacidade de diálogo e de interlocución. Polo tanto, non somos todos iguais. Iso si, nós somos capaces de recoñecer que nos equivocamos máis dunha vez. E por certo, tamén que os Grupos da oposición teñen propostas e ideas positivas, porque é a única maneira de avanzar, de facer política contando con todos. E iso, se está facendo neste mandato. Polo tanto, señora García, imos apoiar a súa iniciativa, e non só hai que conseguir fondos, algúns xa se conseguiron. Por certo, creo que en ben pouco tempo e sen que houbese moita publicidade, que nunca lles gusta que se conte o que se fai. Os cidadáns tamén teñen que saber o que se fai, que iso é moi impor... **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención).**

*que ponen de manifiesto es que no fueron capaces de sacar adelante ninguna de esas ideas o proyectos de los que siguen hablando **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —finalizo, señora alcaldesa— cuando se habla de licitar el dragado de la ría del Burgo, de la pasarela de Pedralonga o se habla de la intermodal, o vamos a decirlo con claridad, cuando la alcaldesa de A Coruña llega a un acuerdo con el presidente de la Xunta y se desbloquea la licitación de un nuevo CHUAC, un nuevo hospital en A Coruña, tenemos que estar todos de acuerdo y contentos. Usted también, señora Gallego, usted también tiene que estar contenta. Porque tenemos al frente de la Corporación a alguien con capacidad de diálogo y de interlocución. Por lo tanto, no somos todos iguales. Eso sí, nosotros somos capaces de reconocer que nos equivocamos más de una vez. Y por cierto, también que los Grupos de la oposición tienen propuestas e ideas positivas, porque es la única manera de avanzar, de hacer política contando con todos. Y eso, se está haciendo en este mandato. Por lo tanto, señora García, vamos a apoyar su iniciativa, y no solo hay que conseguir fondos, algunos ya se consiguieron. Por cierto, creo que en bien poco tiempo y sin que hubiera mucha publicidad, que nunca les gusta que se cuente lo que se hace. Los ciudadanos también tienen que saber lo que se hace, que eso es muy impor...**(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención).***

Presidencia

Ben, moitas grazas, señor Lage.

Procedemos á votación desta moción.

Presidencia

Bien, muchas gracias, señor Lage.

Procedemos a la votación de esta moción.

Votación da terceira moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica

Votación de la tercera moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica sobre os fondos europeos Next Generation EU e a oportunidade de impulso das políticas transformadoras na cidade, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la tercera moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica sobre los fondos europeos Next Generation EU y la oportunidad de impulso de las políticas transformadoras en la ciudad, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (7 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (7 abstenciones).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Queda aprobada a moción. Moitas grazas.

Queda aprobada la moción. Muchas gracias.

14. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica sobre os fondos europeos Next Generation EU e a oportunidade de impulso das políticas transformadoras na cidade.

14. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica sobre los fondos europeos Next Generation EU y la oportunidad de impulso de las políticas transformadoras en la ciudad.

Acordo

Acuerdo

1. Instar os gobernos do Estado e a Xunta de Galicia a incorporar criterios ambientais esixentes e ambiciosos nas políticas de recuperación post-COVID.

1. Instar a los gobiernos del Estado y la Xunta de Galicia a incorporar criterios ambientales exigentes y ambiciosos en las políticas de recuperación post-COVID.

2. Instar os gobernos do Estado e a Xunta de Galicia a recoller as iniciativas dos concellos na súa proposta de proxectos para os fondos de recuperación e resiliencia.

3. Instar a alcaldesa a esixir a implicación do Estado e da Xunta de Galicia no impulso de proxectos clave de cidade no marco dos fondos Next Generation EU.

4. Instar a alcaldesa a convocar un pleno extraordinario para consensuar as demandas do Concello da Coruña aos gobernos estatal e autonómico no marco do programa de recuperación e resiliencia Next Generation EU.

2. Instar a los gobiernos del Estado y la Xunta de Galicia a recoger las iniciativas de los ayuntamientos en su propuesta de proyectos para los fondos de recuperación y resiliencia.

3. Instar a la alcaldesa a exigir la implicación del Estado y de la Xunta de Galicia en el impulso de proyectos clave de ciudad en el marco de los fondos Next Generation EU.

4. Instar a la alcaldesa a convocar un pleno extraordinario para consensuar las demandas del Ayuntamiento de A Coruña a los gobiernos estatal y autonómico en el marco del programa de recuperación y resiliencia Next Generation EU.

Presidencia

Boa tarde a todos e a todas. Reanudamos a sesión coas mocións do Partido Popular.

Presidencia

Buenas tardes a todos y a todas. Reanudamos la sesión con las mociones del Partido Popular.

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)

Primeira.- Moción en apoio da autonomía financeira de Galicia.

Sobre esta moción o Grupo Municipal Socialista presenta unha emenda de substitución.

MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)

Primera.- Moción en apoyo de la autonomía financiera de Galicia.

Sobre esta moción el Grupo Municipal Socialista presenta una enmienda de sustitución.

Presidencia

Primeira moción en apoio da autonomía financeira de Galicia. Hai unha emenda de substitución do Partido Socialista.

Ten a palabra a señora Gallego.

Presidencia

Primera moción en apoyo de la autonomía financiera de Galicia. Hay una enmienda de sustitución del Partido Socialista.

Tiene la palabra la señora Gallego.

Señora Gallego Neira

Boa tarde. Moitas grazas.

Señora Gallego Neira

Buenas tardes. Muchas gracias.

Galicia, do mesmo xeito que as restantes comunidades autónomas, desenvolveu de acordo coa Constitución, o Estatuto de Autonomía e a Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas as súas propias políticas fiscais. E a Xunta de Galicia nestes últimos anos exerceu esta autonomía fiscal a través dunha baixada responsable dos impostos. Estas rebaixas tiveron como finalidade favorecer ás clases medias e ás menos favorecidas, ademais de apoiar a sectores estratéxicos da economía galega. Entre estas baixadas, a modo de exemplo, inclúense as rebaixas do IRPF aprobadas nos anos 2014 e 2016, que situaron a Galicia entre as comunidades autónomas con menor tributación para as rendas máis baixas e que permitiu reducir a carga fiscal no IRPF ao 98,5% dos contribuíntes galegos, ou a práctica eliminación do imposto de sucesións. As herdanzas menores a un millón de euros entre familiares directos están exentas deste tributo.

Galicia, al igual que las restantes comunidades autónomas, desarrolló de acuerdo con la Constitución, el Estatuto de Autonomía y la Ley Orgánica de Financiación de las Comunidades Autónomas sus propias políticas fiscales. Y la Xunta de Galicia en estos últimos años ejerció esta autonomía fiscal a través de una bajada responsable de los impuestos. Estas rebajas tuvieron como finalidad favorecer a las clases medias y a las menos favorecidas, además de apoyar a sectores estratégicos de la economía gallega. Entre estas bajadas, a modo de ejemplo, se incluyen las rebajas del IRPF aprobadas en los años 2014 y 2016, que situaron a Galicia entre las comunidades autónomas con menor tributación para las rentas más bajas y que ha permitido reducir la carga fiscal en el IRPF al 98,5% de los contribuyentes gallegos, o la práctica eliminación del impuesto de sucesiones. Las herencias menores a un millón de euros entre familiares directos están exentas de este tributo.

Todas estas medidas foron avaliadas pola cidadanía en sucesivos procesos electorais porque permitiron estimular a economía en momentos de crise económica á vez que a comunidade autónoma cumpría todas as normas de estabilidade financeira, o que conlevou unha menor necesidade de recorrer ao endebedamento, que creceu significativamente por baixo en Galicia que no conxunto das comunidades autónomas españolas.

Todas estas medidas fueron evaluadas por la ciudadanía en sucesivos procesos electorales porque permitieron estimular la economía en momentos de crisis económica al tiempo que la comunidad autónoma cumplía todas las normas de estabilidad financiera, lo que conllevó una menor necesidad de recurrir al endeudamiento, que creció significativamente por debajo en Galicia que en el conjunto de las comunidades autónomas españolas.

En Galicia están a ter especial incidencia social as exencións introducidas no imposto de sucesións e doazóns en relación coa transmisión sucesoria en vida a través das figuras dos pactos sucesorios, pacto de mellora e pacto de apartación. Máis de

En Galicia está teniendo especial incidencia social las exenciones introducidas en el impuesto de sucesiones y donaciones en relación con la transmisión sucesoria en vida a través de las figuras de los pactos sucesorios, pacto de mejora y pacto de apartación. Más de

135.000 galegos e galegas recibiron bens por transmisión sucesoria en vida desde o ano 2016. Este réxime fiscal está a permitir que moitos mozos e mozas poidan acceder a unha vivenda ou emprender un negocio. Pero o actual Goberno de coalición PSOE – Podemos está a tratar de deturpar o noso dereito civil e a nosa autonomía fiscal e pretenden elevar a súa tributación no IRPF amparándose nunha antiga interpretación da Axencia Tributaria sobre a que xa se pronunciou o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en numerosas ocasións, así como o Parlamento de Galicia por unanimidade en 2014.

135.000 gallegos y gallegas recibieron bienes por transmisión sucesoria en vida desde el año 2016. Este régimen fiscal está permitiendo que muchos jóvenes puedan acceder a una vivienda o emprender un negocio. Pero el actual Gobierno de coalición PSOE – Podemos está tratando de deturpar nuestro derecho civil y nuestra autonomía fiscal y pretenden elevar su tributación en el IRPF amparándose en una antigua interpretación de la Agencia Tributaria sobre la que ya se pronunció el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en numerosas ocasiones, así como el Parlamento de Galicia por unanimidad en 2014.

Esta norma, de aprobarse, produciría unha evidente discriminación ao restrinxir a capacidade de disposición dos herdeiros en vida –que terían que esperar ao falecemento do causante para non ser castigados fiscalmente–, desvirtúa novamente a natureza dos pactos sucesorios contemplados no dereito civil de Galicia, xera unha grave incerteza xurídica ao non preverse ningún réxime transitorio e afecta tanto o desenvolvemento do propio dereito civil como ao exercicio da autonomía financeira por parte da comunidade autónoma.

Esta norma, de aprobarse, produciría una evidente discriminación al restringir la capacidad de disposición de los herederos en vida –que tendrían que esperar al fallecimiento del causante para no ser castigados fiscalmente–, desvirtúa nuevamente la naturaleza de los pactos sucesorios contemplados en el derecho civil de Galicia, genera una grave incertidumbre jurídica al no preverse ningún régimen transitorio y afecta tanto al desarrollo del propio derecho civil como al ejercicio de la autonomía financiera por parte de la comunidad autónoma.

Así mesmo, a pretendida harmonización fiscal promovida por Esquerra Republicana de Cataluña na tramitación dos Orzamentos Xerais do Estado, na que se ataca a autonomía financeira das comunidades autónomas, tamén debe contar co noso rexeitamento. Por moito que falen o Goberno central e Esquerra Republicana, a harmonización fiscal na práctica o que pretende é unha subida de impostos e un ataque á autonomía fiscal das comunidades autónomas.

Así mismo, la pretendida armonización fiscal promovida por Esquerra Republicana de Cataluña en la tramitación de los Presupuestos Generales del Estado, en la que se ataca la autonomía financiera de las comunidades autónomas, también debe contar con nuestro rechazo. Por mucho que hablen el Gobierno central y Esquerra Republicana, la armonización fiscal en la práctica lo que pretende es una subida de impuestos y un ataque a la autonomía fiscal de las comunidades autónomas.

En definitiva, debemos continuar con

En definitiva, debemos continuar con esta

esta senda, mantendo o noso pleno autogoberno e garantindo a nosa autonomía financeira para que Galicia siga entre as comunidades autónomas con menor presión fiscal para os seus cidadáns e empresas, continúe coas rebaixas selectivas de impostos que permitan axudar a quen máis o necesitan e podamos dinamizar a nosa economía e crear postos de traballo.

*Xa sabemos que as políticas que vostedes chaman progresistas son máis partidarias de subir impostos. Vivímolo nesta cidade coa subida do IBI e a negativa para eximir das taxas a quen peor o está pasando e no Goberno do Estado, que primeiro dicía que Europa impedía baixar o IVE das máscaras e tivo que rectificar... **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** dicía que prohibe baixar o IVE da luz, cunha subida do 30% —total, uns poucos euros no recibo, segundo a ministra Ribera— no momento de maior crise sanitaria, social e económica, cunha vaga de frío histórica e pedíndolle á xente que non saia de casa. Os que poñían o berro no ceo cando a luz subía un 4 %, Sánchez, Iglesias, Montero, Garzón –ministro de Consumo–, maldita hemeroteca. Portugal xa anunciou que vai asumir o 10 % da facturación da luz a todos os cidadáns. Que eu saiba, Portugal segue en Europa, co cal Europa aproba isto.*

Sexan coherentes. Tanto falar de autonomía, algúns de autogoberno, e apoien esta moción. Grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señora Gallego. Turno para a señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

senda, manteniendo nuestro pleno autogobierno y garantizando nuestra autonomía financiera para que Galicia siga entre las comunidades autónomas con menor presión fiscal para sus ciudadanos y empresas, continúe con las rebajas selectivas de impuestos que permitan ayudar a quienes más lo necesitan y podamos dinamizar nuestra economía y crear puestos de trabajo.

Ya sabemos que las políticas que ustedes llaman progresistas son más partidarias de subir impuestos. Lo vivimos en esta ciudad con la subida del IBI y la negativa a eximir de las tasas a quienes peor lo están pasando y en el Gobierno del Estado, que primero decía que Europa impedía bajar el IVA de las mascarillas y tuvo que rectificar… **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** decía que prohíbe bajar el IVA de la luz, con una subida del 30% —total, unos pocos euros en el recibo, según la ministra Ribera— en el momento de mayor crisis sanitaria, social y económica, con una ola de frío histórica y pidiéndole a la gente que no salga de casa. Los que ponían el grito en el cielo cuando la luz subía un 4 %, Sánchez, Iglesias, Montero, Garzón –ministro de Consumo–, maldita hemeroteca. Portugal ya ha anunciado que va a asumir el 10 % de la facturación de la luz a todos los ciudadanos. Que yo sepa, Portugal sigue en Europa, con lo cual Europa aprueba esto.

Sean coherentes. Tanto hablar de autonomía, algunos de autogobierno, y apoyen esta moción. Gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señora Gallego. Turno para la señora Faraldo.

Señora Faraldo Calvo

Esta moción para nós é unha moeda de dobre cara. Por unha banda, nos agrada ver ao PP abrindo a porta a través desta moción ao que parece o apoio ao modelo de federalismo, un modelo que Podemos defendeu dende a súa formación: maior autonomía financeira para os diferentes territorios que compoñen o Estado. Por iso, nos parecería estupendo que se estendese a que o seu secretario xeral da súa formación, Pablo Casado, inste ao Goberno central, non só á autonomía financeira de Galicia, senón de todas as comunidades autónomas do territorio español.

Esta moción para nosotros es una moneda de doble cara. Por una parte, nos agrada ver al PP abriendo la puerta a través de esta moción a lo que parece el apoyo al modelo de federalismo, un modelo que Podemos defendió desde su formación: mayor autonomía financiera para los diferentes territorios que componen el Estado. Por eso, nos parecería estupendo que se extendiera a que su secretario general de su formación, Pablo Casado, inste al Gobierno central, no solo a la autonomía financiera de Galicia, sino de todas las comunidades autónomas del territorio español.

Tamén nos agrada ver que o Partido... bueno, ver como o Partido Popular cita nesta moción a Constitución, e celebramos que co mesmo empeño se esgrima nas comunidades nas que están gobernando en materias que, bueno, están pendentes. Estaría moi ben levar ata as últimas consecuencias o artigo 43.1 onde se recolle o dereito á protección da saúde, ou o artigo 47 onde se recolle o dereito de todos e todas as españolas a unha vivenda digna, entre outros moitos. Encantaranos ver ao PP defendendo e levando á práctica ata as últimas consecuencias, insisto, a Lei, por exemplo, de desafiuzamentos naquelas comunidades nas que xestionan, lei que, como ben saben, custou moitísimo levar adiante no Congreso por parte do noso partido.

También nos agrada ver que el Partido… bueno, ver cómo el Partido Popular cita en esta moción la Constitución, y celebramos que con el mismo empeño se esgrima en las comunidades en las que están gobernando en materias que, bueno, están pendientes. Estaría muy bien llevar hasta las últimas consecuencias el artículo 43.1 donde se recoge el derecho a la protección de la salud, o el artículo 47 donde se recoge el derecho de todos y todas las españolas a una vivienda digna, entre otros muchos. Nos encantará ver al PP defendiendo y llevando a la práctica hasta las últimas consecuencias, insisto, la Ley, por ejemplo, de desahucios en aquellas comunidades en las que gestionan, ley que, como bien saben, costó muchísimo llevar adelante en el Congreso por parte de nuestro partido.

Por outra banda, nos desagrada a moción en canto á sinceridade que se atisba na mesma, posto que vén impulsada –e isto si que é unha apreciación persoal, recoñézoo, que me permito, unha visión subxectiva– insisto, vén impulsada pola existencia dun goberno central progresista en contraposición a un goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia. Nunha

Por otra parte, nos desagrada la moción en cuanto a la sinceridad que se atisba en la misma, puesto que viene impulsada –y esto sí que es una apreciación personal, lo reconozco, que me permito, una visión subjetiva– insisto, viene impulsada por la existencia de un gobierno central progresista en contraposición a un gobierno del Partido Popular en la Xunta de Galicia. En una

situación contraria, cremos que nunca se proporía isto, cremos. Incluso, permítanme sospeitar que, se isto estivese a propoñelo, por exemplo, o Bloque, penso eu, eh?, e xa non digo Esquerra Republicana en Cataluña, lle caería a etiqueta de querer romper España. Non teño probas pero tampouco teño dúbidas.

Dito todo isto e quedando a táboas o que nos agrada co que nos desagrada, imos absternos nesta moción.

Presidencia

Moitas grazas, señora Faraldo. Polo Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Grazas, señora alcaldesa.

Como é evidente, non podemos coincidir co panexírico das políticas fiscais da Xunta de Galiza que vostedes fan na exposición de motivos desta moción. Non compartimos a súa obsesión coa baixada de impostos. Como temos dito en moitos debates, nin na Galiza nin no Estado español existe un problema dunha presión fiscal elevada. O importante é que a distribución da carga fiscal sexa xusta e a política fiscal da Xunta, se por algo se caracteriza é polo contrario: a recadación fiscal descansa, sobre todo, nos impostos indirectos que non distinguen por criterios de renda. Como tampouco compartimos a loubanza que fan vostedes do rigor fiscal da Xunta de Galiza. Baste dicir que, cando o señor Núñez Feijóo chegou á Presidencia, a débeda pública de Galiza era inferior aos 5.000 millóns de euros e agora, nos orzamentos da Xunta, xa se estima que

situación contraria, creemos que nunca se propondría esto, creemos. Incluso, permítanme sospechar que, si esto estuviera proponiéndolo, por ejemplo, el Bloque, pienso yo, ¿eh?, y ya no digo Esquerra Republicana en Cataluña, le caería la etiqueta de querer romper España. No tengo pruebas pero tampoco tengo dudas.

Dicho todo esto y quedando a tablas lo que nos agrada con lo que nos desagrada, nos vamos a abstener en esta moción.

Presidencia

Muchas gracias, señora Faraldo. Por el Bloque Nacionalista Galego, señor Jorquera.

Señor Jorquera Caselas

Gracias, señora alcaldesa.

Como es evidente, no podemos coincidir con el panegírico de las políticas fiscales de la Xunta de Galicia que ustedes hacen en la exposición de motivos de esta moción. No compartimos su obsesión con la bajada de impuestos. Como hemos dicho en muchos debates, ni en Galicia ni en el Estado español existe un problema de una presión fiscal elevada. Lo importante es que la distribución de la carga fiscal sea justa y la política fiscal de la Xunta, si por algo se caracteriza es por lo contrario: la recaudación fiscal descansa, sobre todo, en los impuestos indirectos que no distinguen por criterios de renta. Como tampoco compartimos la alabanza que hacen ustedes del rigor fiscal de la Xunta de Galicia. Baste decir que, cuando el señor Núñez Feijóo llegó a la Presidencia, la deuda pública de Galicia era inferior a los 5.000 millones de euros y ahora, en los presupuestos de la Xunta,

en 2021 acadará unha cifra superior aos 12.320 millóns de euros.

ya se estima que en 2021 alcanzará una cifra superior a los 12.320 millones de euros.

Sorpréndenos, iso si, a defensa que fan nesta moción da autonomía fiscal de Galiza. Sorpréndenos porque vostedes sempre demonizaron un modelo de concerto económico que aseguraría que Galiza tivese maior capacidade normativa e plena capacidade recadatoria sobre os impostos que soportamos no país; sorpréndenos porque foi o Goberno Rajoy quen incumpriu a súa obriga legal de reformar a Lei de financiamento das comunidades autónomas de réxime común, que tiña que abordarse en 2014, un incumprimento que condena a Galiza a un déficit de financiamento crónico e foi tamén durante o Goberno Rajoy cando se promulgou a Lei Montoro, que atenta claramente contra a autonomía financeira de comunidades e concellos.

Nos sorprende, eso sí, la defensa que hacen en esta moción de la autonomía fiscal de Galicia. Nos sorprende porque ustedes siempre demonizaron un modelo de concierto económico que aseguraría que Galicia tuviera mayor capacidad normativa y plena capacidad recaudatoria sobre los impuestos que soportamos en el país; nos sorprende porque fue el Gobierno Rajoy quien incumplió su deber legal de reformar la Ley de Financiación de las Comunidades Autónomas de Régimen Común, que tenía que abordarse en 2014, un incumplimiento que condena a Galicia a un déficit de financiación crónica y fue también durante el Gobierno Rajoy cuando se promulgó la Ley Montoro, que atenta claramente contra la autonomía financiera de comunidades y ayuntamientos.

Pero pese a todas estas discrepancias, estamos de acordo coa parte resolutiva da moción. Coincidimos co terceiro punto e por iso non podemos votar a favor da emenda do Grupo Socialista. Ao mellor tería que ter outra formulación en vez de instar aos grupos parlamentarios, pero o certo é que no seu redactado actual, o proxecto de Lei de medidas de prevención e loita contra o fraude fiscal atenta contra as nosas competencias ao considerar un comportamento fraudulento a venda de bens recibidos a través de pactos sucesorios en vida. No noso dereito civil contémplanse os pactos sucesorios e, polo tanto, a transmisión de bens en vida, equiparándoos á transmisión mortis causa. Os que se din defensores da plural nacionalidade do Estado deberían pasar das declaracións retóricas aos feitos porque, de aprobarse o proxecto de Lei nos termos actuais estarían atentando contra a autonomía

Pero pese a todas estas discrepancias, estamos de acuerdo con la parte resolutiva de la moción. Coincidimos con el tercer punto y por eso no podemos votar a favor de la enmienda del Grupo Socialista. A lo mejor tendría que tener otro planteamiento en vez de instar a los grupos parlamentarios, pero lo cierto es que en su redacción actual, el proyecto de Ley de Medidas de Prevención y Lucha contra el Fraude Fiscal atenta contra nuestras competencias al considerar un comportamiento fraudulento la venta de bienes recibidos a través de pactos sucesorios en vida. En nuestro derecho civil se contemplan los pactos sucesorios y, por lo tanto, la transmisión de bienes en vida, equiparándolos a la transmisión mortis causa. Los que se dicen defensores de la plural nacionalidad del Estado deberían pasar de las declaraciones retóricas a los hechos porque, de aprobarse el proyecto de Ley en los términos actuales estarían

de Galiza, non só contra a autonomía financeira ao vulnerar o noso dereito civil.

E ao respecto doutra cuestión que fundamenta esta moción, o BNG está a favor de consensuar certas políticas fiscais para evitar prácticas de competencia desleal. Falando en prata: para evitar que a Comunidade de Madrid se siga convertendo nunha especie de paraíso fiscal dentro do Estado español. Pero, en calquera caso, o ámbito no que se deben concertar esas políticas debe ser o Consello de Política Fiscal e Financeira, no que están representadas a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, ou ben a través dunha negociación bilateral, nunca a través dunha reforma lexislativa unilateral cando estamos falando de impostos cedidos ás comunidades autónomas.

Polas razóns devanditas, o BNG vai votar a favor desta moción. Moitas grazas.

Presidencia

Moitas grazas, señor Jorquera. Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Si, grazas, señora Rey.

Eu cando vexo que o Partido Popular comeza unha moción citando a Constitución, corpo a terra. Porque o Partido Popular nunca cita a Constitución española para defender dereitos, nunca. Nunca a rescata para defender os seus aspectos máis progresistas, que tamén os ten, xa o temos dito máis veces. Sempre a Constitución é para darlle con ela na

atentando contra la autonomía de Galicia, no solo contra la autonomía financiera al vulnerar nuestro derecho civil.

Y con respecto a otra cuestión que fundamenta esta moción, el BNG está a favor de consensuar ciertas políticas fiscales para evitar prácticas de competencia desleal. Hablando en plata: para evitar que la Comunidad de Madrid se siga convirtiendo en una especie de paraíso fiscal dentro del Estado español. Pero, en cualquier caso, el ámbito en el que se deben concertar esas políticas debe ser el Consejo de Política Fiscal y Financiera, en el que están representadas la Administración General del Estado y las comunidades autónomas, o bien a través de una negociación bilateral, nunca a través de una reforma legislativa unilateral cuando estamos hablando de impuestos cedidos a las comunidades autónomas.

Por las razones dichas, el BNG va a votar a favor de esta moción. Muchas gracias.

Presidencia

Muchas gracias, señor Jorquera. Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

Señor Martínez Durán

Sí, gracias, señora Rey.

Yo cuando veo que el Partido Popular comienza una moción citando la Constitución, cuerpo a tierra. Porque el Partido Popular nunca cita la Constitución española para defender derechos, nunca. Nunca la rescata para defender sus aspectos más progresistas, que también los tiene, ya lo hemos dicho más veces. Siempre la Constitución es para darle con ella en la cabeza a

cabeza a alguén. Neste caso, entendo, se entendín ben a moción, para darlle na cabeza ao Goberno social-comunista, neste caso na súa declinación social-comunista-separatista– de España.

alguien. En este caso, entiendo, si entendí bien la moción, para darle en cabeza al Gobierno social-comunista, en este caso en su declinación social-comunista-separatista– de España.

Entendo que esta é a cota autonómica do Pleno. A min non me parece mal que haxa unha cota autonómica ou, se queredes, minutos de Feijóo. O que pasa é que hai que repartir mellor os temas para que isto teña máis sentido, para que os minutos autonómicos teñan máis sentido.

Entiendo que esta es la cuota autonómica del Pleno. A mí no me parece mal que haya una cuota autonómica o, si queréis, minutos de Feijóo. Lo que pasa es que hay que repartir mejor los temas para que esto tenga más sentido, para que los minutos autonómicos tengan más sentido.

Lía o outro día no Instituto Galego de Estatística que só 4 de cada 10 fogares en Galicia chegan a fin de mes sen dificultades. Iso nunca vén nunha moción nos minutos de Feijóo. A confianza dos galegos e a perspectiva que teñen sobre a súa capacidade de aforro e sobre o horizonte e de mínimo benestar nas familias está hoxe en niveis de 2013. Iso tampouco protagoniza nunca unha moción nos minutos de Feijóo. Tampouco podiamos ter unha moción sobre Gamesa, sobre o que significa que Galicia se converta basicamente nunha reserva de natureza barata. Imos deixar de fabricar os aparellos cos que se explotan os nosos recursos naturais, iso tampouco entra nos minutos de Feijóo de cada pleno.

Leía el otro día en el Instituto Gallego de Estadística que solo 4 de cada 10 hogares en Galicia llegan a fin de mes sin dificultades. Eso nunca viene en una moción en los minutos de Feijóo. La confianza de los gallegos y la perspectiva que tienen sobre su capacidad de ahorro y sobre el horizonte y de mínimo bienestar en las familias está hoy en niveles de 2013. Eso tampoco protagoniza nunca una moción en los minutos de Feijóo. Tampoco podíamos tener una moción sobre Gamesa, sobre lo que significa que Galicia se convierta básicamente en una reserva de naturaleza barata. Vamos a dejar de fabricar los aparatos con los que se explotan nuestros recursos naturales, eso tampoco entra en los minutos de Feijóo de cada pleno.

Nós imos votar en contra, e imos votar en contra por non perder o tempo en matices porque, basicamente, entendemos que nesta moción todos os argumentos son instrumentais. Trátase, basicamente, de encher de contido os minutos de Feijóo e darlle neste caso coa Constitución e os seus derivados na cabeza ao Goberno social-comunista, pero tampouco imos defender ao Goberno social-comunista por tres razóns basicamente. En primeiro lugar, porque non hai tal cousa. Se houbese tal cousa, oxalá, probablemente o recibo da

Nosotros vamos a votar en contra, y vamos a votar en contra por no perder el tiempo en matices porque, básicamente, entendemos que en esta moción todos los argumentos son instrumentales. Se trata, básicamente, de llenar de contenido los minutos de Feijóo y darle en este caso con la Constitución y sus derivados en la cabeza al Gobierno social-comunista, pero tampoco vamos a defender al Gobierno social-comunista por tres razones básicamente. En primer lugar, porque no hay tal cosa. Si hubiera tal cosa, ojalá, probablemente el recibo de

luz non subiría este mes, pois en torno a un 37 % con respecto ao ano pasado, probablemente se investigarían no Congreso os desmadres do chamado rei emérito. En segundo lugar, porque o Goberno xa ten aquí quen o defenda. Hoxe facíao a señora Martínez Acón nun artigo publicado en prensa. Non comparto o diagnóstico do artigo. Lino con atención esta mañá a primeira hora, non o comparto. Non creo que o Goberno de España estea a cumprir coa cidade, pero valoro a lealdade da xente aos partidos cos que se presenta ás eleccións. Teño ese defecto. E en terceiro lugar, porque non sei realmente que nos queren propoñer con esta moción. Falan de autogoberno, bueno, do autogoberno depende do día da semana. Un día Feijóo quere ter plenos poderes para facerlle fronte á pandemia, logo resulta que non é responsable e hai algún outro responsable, falan de política fiscal... para quen? Falan da clase media, cal é a clase media? A dos 4 de cada 10 fogares que chegan a fin de mes sen dificultades ou os 6 que non chegan a fin de mes sen dificultades? Si falan, claro, de Esquerra Republicana. Cal é o pecado esta vez de Esquerra Republicana? Porque antes sabiamos cal era: que querían romper España. Agora que sinalan o burato negro da fiscalidade en España, Madrid, e que piden algo tan separatista como a harmonización fiscal, cal é o pecado? Que queren demasiado a España? Que a van matar de amor? Que a van matar de cohesión? Eu creo que o problema que nós temos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** á hora de auscultar esta moción do PP para saber exactamente que nos queren propoñer creo que o ten o PP: Feijóo é un gran camaleón e un presidente que decide cada día que cousas son da súa responsabilidade e cales non, pero ás

la luz no subiría este mes, pues en torno a un 37 % con respecto al año pasado, probablemente se investigarían en el Congreso los desmadres del llamado rey emérito. En segundo lugar, porque el Gobierno ya tiene aquí quien lo defienda. Hoy lo hacía la señora Martínez Acón en un artículo publicado en prensa. No comparto el diagnóstico del artículo. Lo leí con atención esta mañana a primera hora, no lo comparto. No creo que el Gobierno de España esté cumpliendo con la ciudad, pero valoro la lealtad de la gente a los partidos con los que se presenta a las elecciones. Tengo ese defecto. Y en tercer lugar, porque no sé realmente qué nos quieren proponer con esta moción. Hablan de autogobierno, bueno, del autogobierno depende del día de la semana. Un día Feijóo quiere tener plenos poderes para hacerle frente a la pandemia, luego resulta que no es responsable y hay algún otro responsable, hablan de política fiscal... ¿para quién? Hablan de la clase media, ¿cuál es la clase media? ¿La de los 4 de cada 10 hogares que llegan a fin de mes sin dificultades o los 6 que no llegan a fin de mes sin dificultades? Sí hablan, claro, de Esquerra Republicana. ¿Cuál es el pecado esta vez de Esquerra Republicana? Porque antes sabíamos cuál era: que querían romper España. Ahora que señalan el agujero negro de la fiscalidad en España, Madrid, y que piden algo tan separatista como la armonización fiscal, ¿cuál es el pecado? ¿Que quieren demasiado a España? ¿Que la van a matar de amor? ¿Que la van a matar de cohesión? Yo creo que el problema que nosotros tenemos ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *a la hora de auscultar esta moción del PP para saber exactamente qué nos quieren proponer creo que lo tiene el PP: Feijóo es un gran camaleón y un presidente que decide cada día qué cosas*

veces non sabemos en que equipo xoga, e neste caso, honestamente, cando alguén está poñendo sobre a mesa o problema que ten España e que ten a política fiscal en España e que é Madrid, parece, parece que Feijóo xoga no equipo de Ayuso. Nada máis.

son de su responsabilidad y cuáles no, pero a veces no sabemos en qué equipo juega, y en este caso, honestamente, cuando alguien está poniendo sobre la mesa el problema que tiene España y que tiene la política fiscal en España y que es Madrid, parece, parece que Feijóo juega en el equipo de Ayuso. Nada más.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Martínez. Polo Goberno, señor Lage.

Muchas gracias, señor Martínez. Por el Gobierno, señor Lage.

Señor Lage Tuñas

Señor Lage Tuñas

Grazas, señora alcaldesa.

Gracias, señora alcaldesa.

Señora Gallego, o noso Grupo ten formulado unha emenda, unha emenda que ten por obxecto propoñerlle chegar a un acordo e, nin máis nin menos, por varios motivos que vou intentar centrar da forma máis breve posible.

Señora Gallego, nuestro Grupo ha formulado una enmienda, una enmienda que tiene por objeto proponerle llegar a un acuerdo y, nada más y nada menos, por varios motivos que voy a intentar centrar de la forma más breve posible.

Evidentemente, non compartimos que se vulnere a autonomía competencial e financeira de Galicia e, sobre todo, que non se respecte o dereito civil de Galicia. Polo tanto, entendemos que as relacións de institucionalidade e de relación cotiá entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma, pois deben de rexerse polo respecto mutuo, goberne quen goberne. Que sucede? Vostedes fan unha proposta que é instar aos grupos parlamentarios. O lóxico sería, e por iso lle propoño unha transacción e llo propoño agora, onde se instara ao Goberno, que é o que formula o proxecto de lei, vale? Creo que iso sería o máis acaído. Se iso fora así non teriamos problema porque, evidentemente, os socialistas de Galicia temos dado probas sobradas, non só do respecto, senón da defensa da autonomía galega e entenderá que escoitarlle a vostede e ler nunha iniciativa do Partido Popular que se lle

Evidentemente, no compartimos que se vulnere la autonomía competencial y financiera de Galicia y, sobre todo, que no se respete el derecho civil de Galicia. Por lo tanto, entendemos que las relaciones de institucionalidad y de relación cotidiana entre la Administración General del Estado y la Comunidad Autónoma, pues deben de regirse por el respeto mutuo, gobierne quien gobierne. ¿Qué sucede? Ustedes hacen una propuesta que es instar a los grupos parlamentarios. Lo lógico sería, y por eso le propongo una transacción y se lo propongo ahora, donde se instase al Gobierno, que es el que formula el proyecto de ley, ¿vale? Creo que eso sería lo más apropiado. Si eso fuera así no tendríamos problema porque, evidentemente, los socialistas de Galicia hemos dado pruebas sobradas, no solo del respeto, sino de la defensa de la autonomía gallega y entenderá que escucharle a usted y leer en una iniciativa del Partido Popular que se le

pida ao Goberno de España que respecte a autonomía financeira e a capacidade normativa en materia tributaria que a Constitución e o Estatuto de Autonomía lle recoñecen a Galicia e tamén ao conxunto de comunidades, bueno, pode soar un pouco a chiste. Que se traslade ao marco do Consello de Política Fiscal e Financeira. Evidentemente, claro. O que chama a atención é que sexa o Partido Popular, dependendo do ano e do mes. Por un lado falan da posible ruptura. Nos días impares rompe España e nos días pares están preocupados pola harmonización fiscal. Eu vexo que as posicións mudan dependendo do día no que se produza o debate. Agora mesmo están preocupados por Esquerra Republicana, a vostedes lles parece mal que se propoña unha harmonización fiscal. Non lle escoitei a ninguén falar dos réximes fiscais especiais que hai en España. Non sei se están propoñendo que a harmonización fiscal sexa de todo o conxunto do territorio, é dicir, non sei se é que queren ter algunha vez un debate sobre unha reforma da fiscalidade no seu conxunto, pero como vexo que todo vai de regate curto, si é certo que nos preocupa, e comparto co señor Jorquera, todo o que ten que ver co dereito civil de Galicia. O que non nos parece de recibo é que o Partido Popular veña a dar leccións en torno á autonomía, á autonomía financeira ou á propia Constitución española. Os socialistas estamos orgullosos da Constitución, non é que pensemos que hai cousas positivas, é que a Constitución española é das cousas máis positivas que lle teñen pasado a España nos últimos 50 anos. Non hai outro feito máis destacado que teña permitido a convivencia e o desenvolvemento económico e social. Claro que si, e pódese dicir abertamente, a propia Constitución

pida al Gobierno de España que respete la autonomía financiera y la capacidad normativa en materia tributaria que la Constitución y el Estatuto de Autonomía le reconocen a Galicia y también al conjunto de comunidades, bueno, puede sonar un poco a chiste. Que se traslade al marco del Consejo de Política Fiscal y Financiera. Evidentemente, claro. Lo que llama la atención es que sea el Partido Popular, dependiendo del año y del mes. Por un lado hablan de la posible ruptura. En los días impares rompe España y en los días pares están preocupados por la armonización fiscal. Yo veo que las posiciones cambian dependiendo del día en el que se produzca el debate. Ahora mismo están preocupados por Esquerra Republicana, a ustedes les parece mal que se proponga una armonización fiscal. No le escuché a nadie hablar de los regímenes fiscales especiales que hay en España. No sé si están proponiendo que la armonización fiscal sea de todo el conjunto del territorio, es decir, no sé si es que quieren tener alguna vez un debate sobre una reforma de la fiscalidad en su conjunto, pero como veo que todo va de regate corto, sí es cierto que nos preocupa, y comparto con el señor Jorquera, todo lo que tiene que ver con el derecho civil de Galicia. Lo que no nos parece de recibo es que el Partido Popular venga a dar lecciones en torno a la autonomía, a la autonomía financiera o a la propia Constitución española. Los socialistas estamos orgullosos de la Constitución, no es que pensemos que hay cosas positivas, es que la Constitución española es de las cosas más positivas que le han pasado a España en los últimos 50 años. No hay otro hecho más destacado que haya permitido la convivencia y el desarrollo económico y social. Claro que sí, y se puede decir abiertamente, la propia Constitución española que ha arbitrado y ha posibilitado el reconocimiento de las

Claro, yo, hablar de que no somos alarmistas cuando decimos lo de "estamos sufriendo graves problemas generalizados de inseguridad ciudadana" e intentar blanquearlo en el primer turno del señor Rodríguez, pues es complicado ceñirse a la moción. En cualquier caso, también quiero saludar desde aquí antes de nada a los representantes de la Asociación Profesional de la Policía local, con quienes no es cierto que tampoco estemos en contacto, incluso la alcaldesa antes que yo en diversas ocasiones, y pendientes además de la resolución en unas mesas técnicas específicas de todas sus necesidades.

Lo que no se puede es venir aquí a instrumentalizar un cuerpo tan respetable como es el de la Policía local a lo que no solo tenemos que valorar sino incluso agradecer el trabajo que desarrolló durante la parte más dura de la pandemia haciendo, y siguen haciendo, atendiendo incluso situaciones sociales en situación de emergencia, no solo de seguridad hacia las personas, y

montando un panorama buscando *buratos negros* ou buscando facer unha foto, que o que lles gusta é facer unha foto pero tuneala ben en branco e negro co Photoshop. Se queren foto –eu entendo a querencia do señor García con... e agradézolle ter unha foto na súa privacidade deste concelleiro cando levaba o tema dos deportes– pero creo que a foto que toca agora é esta, non? **(O señor Borrego Vázquez amosa un papel coa imaxe de dous gráficos).** Esta é a foto que reflicte, efectivamente, nas columnas o que son os anos 17, 18, 19 e 20 con respecto á situación de seguridade nesta cidade, tanto en delitos como en detidos, por exemplo. Podémoslle pasar todos os informes que queira punto por punto das actuacións policiais.

venir aquí montando un panorama buscando agujeros negros *o buscando hacer una foto, que lo que les gusta es hacer una foto pero tunearla bien en blanco y negro con el Photoshop. Si quieren foto –yo entiendo la querencia del señor García con... y le agradezco tener una foto en su privacidad de este concejal cuando llevaba el tema de los deportes– pero creo que la foto que toca ahora es esta, ¿no?* ***(El señor Borrego Vázquez muestra un papel con la imagen de dos gráficos)****. Esta es la foto que refleja, efectivamente, en las columnas lo que son los años 17, 18, 19 y 20 con respecto a la situación de seguridad en esta ciudad, tanto en delitos como en detenidos, por ejemplo. Le podemos pasar todos los informes que quiera punto por punto de las actuaciones policiales.*

Outra cousa, outra cousa é querer empapelar isto co nome de policía de barrio cando non houbo ningunha directriz nin instrución nin modificación desde o ano 2011 con respecto a como está estruturada a Policía hoxe, coa mesma distribución que en gobernos anteriores, seguindo criterios técnicos policiais de operatividade, en función das necesidades e das dispoñibilidades. Pero é que chegou o comandante e mandou parar cando o señor Montoro fixo unha cousa que, desde unha lei, montou unha taxa de reposición que fixo que a merma policial nesta cidade fose afectada de forma brutal. E claro, distribuír o mesmo xeito operativo da Policía local cunha merma tan enorme de efectivos é complexo. O propio presidente da Asociación Provincial manifestaba onte nos medios de comunicación, primeiro, a súa visión de inviabilidade da propia moción que plantexaba o Partido Popular e, desde logo, apuntaba outro tipo de cuestións que si necesita a Policía. Necesita máis Policía local esta cidade; necesita infraestruturas dignas e acordes ao

Otra cosa, otra cosa es querer empapelar esto con el nombre de policía de barrio cuando no hubo ninguna directriz ni instrucción ni modificación desde el año 2011 con respecto a cómo está estructurada la Policía hoy, con la misma distribución que en gobiernos anteriores, siguiendo criterios técnicos policiales de operatividad, en función de las necesidades y de las disponibilidades. Pero es que llegó el comandante y mandó parar cuando el señor Montoro hizo una cosa que, desde una ley, montó una tasa de reposición que hizo que la merma policial en esta ciudad fuera afectada de forma brutal. Y claro, distribuir la misma manera operativa de la Policía local con una merma tan enorme de efectivos es complejo. El propio presidente de la Asociación Provincial manifestaba ayer en los medios de comunicación, primero, su visión de inviabilidad de la propia moción que planteaba el Partido Popular y, desde luego, apuntaba otro tipo de cuestiones que sí necesita la Policía. Necesita más Policía local esta ciudad; necesita infraestructuras dignas y acordes al siglo XXI y a sus imperiosas

século XXI e ás súas imperiosas necesidades de desenvolvemento dun traballo digno; necesitan medios, modernización e formación. Incorporáronse 24 novos efectivos en decembro; acaba de presentarse o uso das pistolas Táser; está pendente da inminente adxudicación do contrato dos chalecos; están licitados xa tamén vehículos. Pero non imos parar. Porque o que quere a señora Rey, a nosa alcaldesa e este Goberno municipal é unha policía de primeiro nivel, de primeira liña. Unha policía local con efectivos, con medios, con infraestruturas e con formación.

necesidades de desarrollo de un trabajo digno; necesitan medios, modernización y formación. Se incorporaron 24 nuevos efectivos en diciembre; acaba de presentarse el uso de las pistolas Táser; está pendiente de la inminente adjudicación del contrato de los chalecos; están licitados ya también vehículos. Pero no vamos a parar. Porque lo que quiere la señora Rey, nuestra alcaldesa y este Gobierno municipal es una policía de primer nivel, de primera línea. Una policía local con efectivos, con medios, con infraestructuras y con formación.

Claro, esta moción non trata diso. Esta moción trata de empapelar ou de blanquear, iso que lles gusta tanto, señores do Partido Popular, de canto peor parece que vaia, mellor para vostedes, a nivel rédito político ou partidario. Pero non se trata diso. Se queremos apostar pola Policía local, e vai facer falla que apostemos, emprázoos a que, en canto empecen as discusións ou as xuntanzas **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** –remato xa, señora alcaldesa– correspondentes a definir os orzamentos necesarios para conquerir unha actualización, unha planificación das necesidades da Policía local, nos sentemos todos e afrontemos ese espírito de consenso para facer o que fai falla cos nosos servizos de seguridade, aos que volvo agradecer a súa dedicación e esforzo.

*Claro, esta moción no trata de eso. Esta moción trata de empapelar o de blanquear, eso que les gusta tanto, señores del Partido Popular, de cuanto peor parece que vaya, mejor para ustedes, a nivel rédito político o partidario. Pero no se trata de eso. Si queremos apostar por la Policía local, y va a hacer falta que apostemos, los emplazo a que, en cuanto empiecen las discusiones o las reuniones **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** –finalizo ya, señora alcaldesa– correspondientes a definir los presupuestos necesarios para conseguir una actualización, una planificación de las necesidades de la Policía local, nos sentemos todos y afrontemos ese espíritu de consenso para hacer lo que hace falta con nuestros servicios de seguridad, a los que vuelvo a agradecer su dedicación y esfuerzo.*

Nada máis e moitas grazas.

Nada más y muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Borrego.

Muchas gracias, señor Borrego.

Remata a quenda de intervencións.

Finaliza el turno de intervenciones.

Imos votar a moción.

Vamos a votar la moción.

Votación da segunda moción do Partido Popular (PP)

Votación de la segunda moción del Partido Popular (PP)

Seguidamente por parte da Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, producíndose o seguinte resultado:

Seguidamente por parte de la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, produciéndose el siguiente resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (7 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (7 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota en contra el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstencións).

Se abstiene el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 abstenciones).

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota en contra a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota en contra la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Grazas. Queda rexeitada.

Gracias. Queda rechazada.

Terceira.- Moción sobre o barrio dos Mallos.

Tercera.- Moción sobre el barrio de los Mallos.

Sobre esta moción consta unha emenda transaccionada entre o Grupo Municipal da Marea Atlántica e do Partido Popular.

Sobre esta moción consta una enmienda transaccionada entre el Grupo Municipal de Marea Atlántica y del Partido Popular.

Presidencia

Presidencia

Terceira e última moción do Partido Popular respecto do barrio dos Mallos. Consta unha emenda ou constaba unha emenda de substitución de Marea

Tercera y última moción del Partido Popular respecto del barrio de Os Mallos. Consta una enmienda o constaba una enmienda de sustitución de Marea

Atlántica que foi substituída por unha emenda transaccionada polo emendante e os propoñentes.

Señor Deus Álvarez

Si.

Presidencia

Ten a palabra... si... si...

Señor Deus Álvarez

Si, es así.

Presidencia

Si, claro que é así. Teño eu aquí a transacción. ***(Risas).***

Señor Deus, ten a palabra.

Señor Deus Álvarez

Moitas grazas.

Traemos ao Pleno a problemática do barrio dos Mallos, no que viven máis de 30.000 persoas. É un claro exemplo, seguramente, do urbanismo caótico dos anos 50, pero trátase dun barrio que, pola súa situación, accesos, servizos e comercios, fan que sexa unha das zonas máis cómodas para vivir nel. E xa quero, non sei, non vou pedir desculpas, pero quero dicir que a miña intervención non vai por ser alarmista. Eu vivo na Falperra, son veciño dos Mallos e creo sinceramente que é unha das mellores zonas da cidade para poder vivir.

Son os veciños e comerciantes os que queren facerse oír polo que consideran un abandono total do barrio nos últimos anos. E non é por non tentar comunicar os seus problemas ao

Atlántica que fue sustituida por una enmienda transaccionada por el enmendante y los proponentes.

Señor Deus Álvarez

Sí.

Presidencia

Tiene la palabra… sí… sí…

Señor Deus Álvarez

Sí, es así.

Presidencia

Sí, claro que es así. Tengo yo aquí la transacción. **(Risas)**.

Señor Deus, tiene la palabra.

Señor Deus Álvarez

Muchas gracias.

Traemos al Pleno la problemática del barrio de los Mallos, en el que viven más de 30.000 personas. Es un claro ejemplo, seguramente, del urbanismo caótico de los años 50, pero se trata de un barrio que, por su situación, accesos, servicios y comercios, hacen que sea una de las zonas más cómodas para vivir en él. Y ya quiero, no sé, no voy a pedir disculpas, pero quiero decir que mi intervención no va por ser alarmista. Yo vivo en la Falperra, soy vecino de los Mallos y creo sinceramente que es una de las mejores zonas de la ciudad para poder vivir.

Son los vecinos y comerciantes los que quieren hacerse oír por lo que consideran un abandono total del barrio en los últimos años. Y no es por no haber intentado comunicar sus problemas al

Goberno municipal, a última vez á concelleira señora Cabanas. Seguen sen ver ningunha solución aos problemas que expoñen e ningunha intención de solucionalos.

Gobierno municipal, la última vez a la concejala señora Cabanas. Siguen sin ver ninguna solución a los problemas que plantean y ninguna intención de solucionarlos.

Queremos trasladarlles os problemas máis perentorios. Seguro que non lles vai a sorprender porque moitos deles repítense na maioría dos barrios da cidade que visitamos.

Queremos trasladarles los problemas más acuciantes. Seguro que no les va a sorprender porque muchos de ellos se repiten en la mayoría de los barrios de la ciudad que visitamos.

En primeiro lugar, atópase o problema da inseguridade. Si, non é para ser alarmistas pero é certo neste momento. Hai roubos, incrementáronse os roubos, as agresións, a venda de drogas ou o fenómeno cada vez máis estendido da ocupación ilegal de vivendas, pero é unha ocupación vinculada aos actos de violencia que exercen individuos que fan da delincuencia o seu modo de vida. Xa advertimos que cando se produciu o desaloxo dos ocupas da Falperra, íanse instalar noutra zona da cidade e o lugar elixido foi Os Mallos. Hai polo menos 3 edificios ocupados neste momento con eses individuos. O aumento coincide co crecemento de delitos, e non é casual. Hai que lembrar episodios como, por exemplo, o da rúa San Luís, que puxo en risco aos veciños e aos edificios lindeiros e puido ocasionar unha traxedia, tamén en vidas humanas, e non foi porque os propietarios dese edificio non o denunciasen.

En primer lugar, se encuentra el problema de la inseguridad. Sí, no es para ser alarmistas pero es cierto en este momento. Hay robos, se han incrementado los robos, las agresiones, la venta de drogas o el fenómeno cada vez más extendido de la ocupación ilegal de viviendas, pero es una ocupación vinculada a los actos de violencia que ejercen individuos que hacen de la delincuencia su modo de vida. Ya advertimos que cuando se produjo el desalojo de los ocupas de la Falperra, se iban a instalar en otra zona de la ciudad y el lugar elegido ha sido los Mallos. Hay al menos 3 edificios ocupados en este momento con esos individuos. El aumento coincide con el crecimiento de delitos, y no es casual. Hay que recordar episodios como, por ejemplo, el de la calle San Luis, que puso en riesgo a los vecinos y a los edificios colindantes y pudo ocasionar una tragedia, también en vidas humanas, y no fue porque los propietarios de ese edificio no lo hubiesen denunciado.

Ás dezaseis horas e dezaseis minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las dieciséis horas y dieciséis minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

Outros barrios teñen problemas similares: Falperra, Palavea, Zapateira, Agra do Orzán son un exemplo. Nin o delegado do Goberno nin vostede, señora alcaldesa, poden poñerse de perfil.

Otros barrios tienen problemas similares: Falperra, Palavea, Zapateira, Agra del Orzán son un ejemplo. Ni el delegado del Gobierno ni usted, señora alcaldesa, pueden ponerse de perfil.

Produciuse tamén un repunte do tráfico de drogas con proliferación de puntos de venda, ao que contribuíron as actividades ilegais vinculadas a esta xente que ocupou eses edificios. E por que non dicilo? A escaseza, tamén, da vixilancia policial. Os veciños demandan esa policía de barrio. Si existiu esa policía de barrio e algúns veciños dos barrios coñecémola. Como que se pode dicir que non? É que me parece mentira dicilo, e os veciños acórdanse e os comerciantes acórdanse desa figura do policía de barrio, e por iso reclamámolo e o meu compañeiro fíxoo na anterior moción neste Pleno.

Se ha producido también un repunte del tráfico de drogas con proliferación de puntos de venta, a lo que han contribuido las actividades ilegales vinculadas a esta gente que ha ocupado esos edificios. Y ¿por qué no decirlo? La escasez, también, de la vigilancia policial. Los vecinos demandan esa policía de barrio. Sí ha existido esa policía de barrio y algunos vecinos de los barrios la hemos conocido. ¿Cómo que se puede decir que no? Es que me parece mentira decirlo, y los vecinos se acuerdan y los comerciantes se acuerdan de esa figura del policía de barrio, y por eso lo reclamamos y mi compañero lo hizo en la anterior moción en este Pleno.

Veciños e comerciantes denuncian tamén o mal estado do pavimento das rúas e beirarrúas e a deterioración do mobiliario urbano. Existen rúas cunha densidade de tráfico importante, como a avenida dos Mallos entre ambas as roldas, que evidencian falta total de mantemento.

Vecinos y comerciantes denuncian también el mal estado del pavimento de las calles y aceras y el deterioro del mobiliario urbano. Existen calles con una densidad de tráfico importante, como la avenida de los Mallos entre ambas rondas, que evidencian falta total de mantenimiento.

O problema da sucidade, pois é un problema que existe nas rúas do barrio dos Mallos. Outro asunto, o que vostede, señora alcaldesa, non logrou reconducir o estado lamentable que nos fixo ser unha das cidades máis sucias de España. O seu plan de choque quedouse nun mero plan de propaganda.

El problema de la suciedad, pues es un problema que existe en las calles del barrio de los Mallos. Otro asunto, el que usted, señora alcaldesa, no ha logrado reconducir el estado lamentable que nos ha hecho ser una de las ciudades más sucias de España. Su plan de choque se ha quedado en un mero plan de propaganda.

Falta de iluminación tamén en moitos puntos do barrio, o que facilita tamén esa comisión de delitos e son zonas que se van degradando aos poucos, ao que contribúe tamén o peche paulatino de moitos locais comerciais en moitas zonas dese barrio. É necesario tamén realizar unha posta en marcha dun plan de dinamización comercial.

Falta de iluminación también en muchos puntos del barrio, lo que facilita también esa comisión de delitos y son zonas que se van degradando poco a poco, a lo que contribuye también el cierre paulatino de muchos locales comerciales en muchas zonas de ese barrio. Es necesario también realizar una puesta en marcha de un plan de dinamización comercial.

Denuncian a falta de control das

Denuncian la falta de control de las

colonias felinas. Señora Fontán, están totalmente descontroladas, e vostede sábeo, que está a ocorrer en moitas partes da cidade. Non hai quen poña remedio a ese tema e contribúe á sucidade que os veciños lles dean para comer e é unha situación bastante caótica no estado no que se atopa.

colonias felinas. Señora Fontán, están totalmente descontroladas, y usted lo sabe, que está ocurriendo en muchas partes de la ciudad. No hay quien ponga remedio a ese tema y contribuye a la suciedad que los vecinos les den de comer y es una situación bastante caótica en el estado en el que se encuentra.

Proliferan os coches abandonados nas rúas. Ademais de xerar inseguridade, ocupan sitios para os residentes, moi castigados xa pola supresión de prazas sen ningunha alternativa. Doutra banda, únense as queixas dos repartidores de mercadorías, que non teñen espazos para deixar os seus vehículos para facer o seu traballo e son multados continuamente ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)***.

Proliferan los coches abandonados en las calles. Además de generar inseguridad, ocupan sitios para los residentes, muy castigados ya por la supresión de plazas sin ninguna alternativa. Por otro lado, se unen las quejas de los repartidores de mercancías, que no tienen espacios para dejar sus vehículos para hacer su trabajo y son multados continuamente **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**.

Deficiente coidado das poucas zonas axardinadas que efectivamente existen no barrio ou a poda de moitas árbores que existen nas prazas que están totalmente descontroladas, que chegan ata a sétima e oitava planta dalgúns edificios tocando as ramas nas xanelas.

Deficiente cuidado de las pocas zonas ajardinadas que efectivamente existen en el barrio o la poda de muchos árboles que existen en las plazas que están totalmente descontrolados, que llegan hasta la séptima y octava planta de algunos edificios tocando las ramas en las ventanas.

Non existe ningún mantemento adecuado, tampouco, dos xogos de nenos que existen nalgunhas prazas.

No existe ningún mantenimiento adecuado, tampoco, de los juegos de niños que existen en algunas plazas.

Señora Cabana, eu sei que vostede é a concelleira de Barrio do Grupo de goberno, pero xa din nos barrios que vostede non ten unha mala palabra pero tampouco unha boa acción. Están a esperala, de verdade. Se non se poñen vostedes a traballar en serio polos barrios van deixar ao final do seu mandato a cidade en peor situación que como a atoparon e as comparacións poden ser ou resultar moi curiosas.

Señora Cabana, yo sé que usted es la concejala de Barrio del Grupo de gobierno, pero ya dicen en los barrios que usted no tiene una mala palabra pero tampoco una buena acción. La están esperando, de verdad. Si no se ponen ustedes a trabajar en serio por los barrios van a dejar al final de su mandato la ciudad en peor situación que como se la encontraron y las comparaciones pueden ser o resultar muy curiosas.

Moitas grazas.

Muchas gracias.

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas, señor Deus.

Muchas gracias, señor Deus.

Señora Faraldo, o seu turno.

Señora Faraldo, su turno.

Señora Faraldo Calvo

Señora Faraldo Calvo

Bueno, pois a min nesta moción en concreto vaime sobrar moito tempo, porque vou votar que si pero... pero xa está. Porque claro, eu son veciña do barrio dos Mallos desde fai 30 anos e empecei a ler como moi emocionada porque é o barrio no que vivo e dixen, ben, pois se van a propoñer unha serie de medidas e unha serie de cuestións para mellorar o barrio porque é certo que estamos, pois, necesitadas de políticas de barrios, de coidados dos mesmos. Ademais, na propia moción non se falaba de grandes investimentos nin de grandes dotacións nin de grandes infraestruturas faraónicas, senón de cuestións dos coidados diarios. Entón dixen, pois mira que ben.

Bueno, pues a mí en esta moción en concreto me va a sobrar mucho tiempo, porque voy a votar que sí pero… pero ya está. Porque claro, yo soy vecina del barrio de los Mallos desde hace 30 años y empecé a leer como muy emocionada porque es el barrio en el que vivo y dije, bueno, pues se van a proponer una serie de medidas y una serie de cuestiones para mejorar el barrio porque es cierto que estamos, pues, necesitadas de políticas de barrios, de cuidados de los mismo. Además, en la propia moción no se hablaba de grandes inversiones ni de grandes dotaciones ni de grandes infraestructuras, sino de cuestiones de los cuidados diarios. Entonces dije, pues mira qué bien.

Pero claro, chego á parte da moción e di: Instar á alcaldesa a reunirse cos representantes dos veciños e comerciantes do barrio dos Mallos. Pois nada máis que dicir, que si, claro.

Pero claro, llego a la parte de la moción y dice: Instar a la alcaldesa a reunirse con los representantes de los vecinos y comerciantes del barrio de los Mallos. Pues nada más que decir, que sí, claro.

Presidencia

Presidencia

Moi ben, moitas grazas, señora Faraldo.

Muy bien, muchas gracias, señora Faraldo.

Polo BNG, señora Veira.

Por el BNG, señora Veira.

Señora Veira González

Señora Veira González

Si, pois nós, evidentemente, imos votar a favor por... porque o que se pide, efectivamente é que a alcaldesa e o Goberno local se reúnan coas entidades veciñais e de comerciantes do barrio e porque se chegou, digamos, a un acordo de transacción da propia parte

Sí, pues nosotros, evidentemente, vamos a votar a favor por... porque lo que se pide, efectivamente es que la alcaldesa y el Gobierno local se reúnan con las entidades vecinales y de comerciantes del barrio y porque se llegó, digamos, a un acuerdo de transacción de la propia

resolutiva da moción, entón, bueno, creo que desde logo nós nos sentimos máis cómodos votando esta transacción.

parte resolutiva de la moción, entonces, bueno, creo que desde luego nosotros nos sentimos más cómodos votando esta transacción.

Nós desde o BNG, realmente, aínda que imos votar a favor porque a parte resolutiva, insisto, que é o que se vota e o que se debe de aplicar, realmente o que é a moción, a exposición de motivos non nos gusta en absoluto. Por unha vez estou en desacordo co espírito da moción pero estou a favor da resolución que imos votar. O que vemos na moción é un intento de criminalización dun barrio, que é o dos Mallos, enfocado, ademais, de xeito global, como se fose igual resolver a poda das árbores, a sucidade ou a falta de aparcamento e inseguridade cidadá. E é absolutamente certo, aí doulles a razón, que hai certo estado de abandono do barrio pero que non é nada novo e non é algo destes últimos dous anos.

Nosotros desde el BNG, realmente, aunque vamos a votar a favor porque la parte resolutiva, insisto, que es lo que se vota y lo que se debe de aplicar, realmente lo que es la moción, la exposición de motivos no nos gusta en absoluto. Por una vez estoy en desacuerdo con el espíritu de la moción pero estoy a favor de la resolución que vamos a votar. Lo que vemos en la moción es un intento de criminalización de un barrio, que es el de los Mallos, enfocado, además, de manera global, como si fuera igual resolver la poda de los árboles, la suciedad o la falta de aparcamiento e inseguridad ciudadana. Y es absolutamente cierto, ahí les doy la razón, que hay cierto estado de abandono del barrio pero que no es nada nuevo y no es algo de estos últimos dos años.

Cremos que todas as melloras son precisas, de feito algunhas xa se teñen executado, como unha parte da obra da rúa Ramón Cabanillas, que viña do Goberno anterior, mais tamén é certo que é preciso e urxente un maior mantemento das rúas interiores do barrio, unha mellora na iluminación, a mellora na limpeza das rúas pero, casualmente, vostedes nunca entran no fondo, no fondo de por que están así os barrios, non?, das causas de algunhas das situacións que traen vostedes a Pleno. Como dicía na anterior moción, esaxeran as problemáticas ata caricaturizalas, mais poucas veces traen solucións a medio ou longo prazo.

Creemos que todas las mejoras son precisas, de hecho algunas ya se han ejecutado, como una parte de la obra de la calle Ramón Cabanillas, que venía del Gobierno anterior, pero también es cierto que es preciso y urgente un mayor mantenimiento de las calles interiores del barrio, una mejora en la iluminación, la mejora en la limpieza de las calles pero, casualmente, ustedes nunca entran en el fondo, en el fondo de por qué están así los barrios, ¿no?, de las causas de algunas de las situaciones que traen ustedes a Pleno. Como decía en la anterior moción, exageran las problemáticas hasta caricaturizarlas, pero pocas veces traen soluciones a medio o largo plazo.

Ademais do que recollen vostedes na moción poderiamos falar de que é preciso reforzar o equipo de atención social dos Mallos para que poidan facer

Además de lo que recogen ustedes en la moción podríamos hablar de que es preciso reforzar el equipo de atención social de los Mallos para que puedan

intervención social, que debería de haber un esforzo por parte das administracións para a integración laboral, a atención ás persoas maiores, a ocupación laboral, programación cultural, accesibilidade nas rúas, a rehabilitación dos edificios para a mellora da súa habitabilidade e accesibilidade, a posta en marcha de políticas de apoio ao pequeno comercio, a protección dos dereitos das persoas que viven alugadas, un plan de utilización dos baixos comerciais que están en desuso... A cuestión non será poñer de relevo tampouco os problemas en exclusiva senón tamén entender a complexidade deses problemas para non caer na demagoxia, para non caer ás veces incluso no populismo e, sobre todo, do que se trata é de poñer en riba propostas e solucións.

hacer intervención social, que debería de haber un esfuerzo por parte de las administraciones para la integración laboral, la atención a las personas mayores, la ocupación laboral, programación cultural, accesibilidad en las calles, la rehabilitación de los edificios para la mejora de su habitabilidad y accesibilidad, la puesta en marcha de políticas de apoyo al pequeño comercio, la protección de los derechos de las personas que viven alquiladas, un plan de utilización de los bajos comerciales que están en desuso... La cuestión no será poner de relieve tampoco los problemas en exclusiva sino también entender la complejidad de esos problemas para no caer en la demagogia, para no caer a veces incluso en el populismo y, sobre todo, de lo que se trata es de poner encima propuestas y soluciones.

Ademais, o propio barrio dos Mallos é diverso, como ben saben. Hai zonas máis deterioradas ca outras e para solucionalo entendemos que é preciso, efectivamente, reunirse co tecido asociativo que poida haber no barrio. Recentemente, ademais, unha parte do comercio do barrio uniuse nunha asociación que se chama Guerrilla dos Mallos, onde hai comercio do máis innovador ao máis tradicional e que poden dar boa conta da situación social do barrio porque a viven a pé de rúa.

Además, el propio barrio de los Mallos es diverso, como bien saben. Hay zonas más deterioradas que otras y para solucionarlo entendemos que es preciso, efectivamente, reunirse con el tejido asociativo que pueda haber en el barrio. Recientemente, además, una parte del comercio del barrio se unió en una asociación que se llama Guerrilla de los Mallos, donde hay comercio de lo más innovador al más tradicional y que pueden dar buena cuenta de la situación social del barrio porque la viven a pie de calle.

Ás dezaseis horas e vinte e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.

A las dieciséis horas y veinticinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.

En definitiva, hai deterioro. Non é a primeira vez que o dicimos, hai falta de coidado tamén, necesidades de melloras sempre, mais non se pasen, vale? Porque o barrio non é o que queren facer parecer. Nada máis.

En definitiva, hay deterioro. No es la primera vez que lo decimos, hay falta de cuidado también, necesidades de mejoras siempre, pero no se pasen, ¿vale? Porque el barrio no es lo que quieren hacer parecer. Nada más.

Presidencia

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

A Marea Atlántica vai votar a favor, tamén, desta moción despois de transaccionar unha emenda que tentaba rescatar o que nos parece que é moi valioso e é que, efectivamente, a veciñanza, en todo o seu dereito e a súa lexitimidade, está pedindo a interlocución co Goberno e coa Alcaldía para presentarlle as súas demandas e que sexan escoitadas. E, polo tanto, votaremos a favor.

Teño que recoñecer tamén que o discurso da formulación anterior nos facía sentir moi incómodos porque, bueno, é o discurso do Partido Popular de sempre, que tenta presentar un barrio coma se fora Blade Runner. Señor Deus, nin A Coruña nin os Mallos son Blade Runner nin a nosa vida pende dun fío ao cruzar a esquina nin nos van ocupar a casa cando baixemos a polo pan nin é o escenario que vostedes, de maneira insistente e machacona, pretenden presentar e do que nós discrepamos completamente. Coincido coas miñas compañeiras cando sinto que ese xeito tamén de retratar A Coruña, de retratar os barrios expresa pouco amor cara á cidade e ao que conduce é a estigmatizar, a criminalizar determinadas zonas da cidade, pois, que se cadra pois son... teñen máis dificultades e, efectivamente, máis necesidades e, efectivamente, máis carencias, non?

Coincidimos con vostedes en que esa interlocución entre o Goberno e a veciñanza é necesaria e ten que producirse e hai que falar,

Presidencia

Muchas gracias, señora Veira.

Por la Marea Atlántica, señora García.

Señora García Gómez

La Marea Atlántica va a votar a favor, también, de esta moción después de transaccionar una enmienda que intentaba rescatar lo que nos parece que es muy valioso y es que, efectivamente, el vecindario, en todo su derecho y su legitimidad, está pidiendo la interlocución con el Gobierno y con la Alcaldía para presentarle sus demandas y que sean escuchadas. Y, por lo tanto, votaremos a favor.

Tengo que reconocer también que el discurso del planteamiento anterior nos hacía sentir muy incómodos porque, bueno, es el discurso del Partido Popular de siempre, que intenta presentar un barrio como si fuese Blade Runner. Señor Deus, ni A Coruña ni los Mallos son Blade Runner ni nuestra vida pende de un hilo al cruzar la esquina ni nos van a ocupar la casa cuando bajemos a por el pan ni es el escenario que ustedes, de manera insistente y machacona, pretenden presentar y del que nosotros discrepamos completamente. Coincido con mis compañeras cuando siento que esa manera también de retratar A Coruña, de retratar los barrios expresa poco amor hacia la ciudad y a lo que conduce es a estigmatizar, a criminalizar determinadas zonas de la ciudad, pues, que a lo mejor pues son... tienen más dificultades y, efectivamente, más necesidades y, efectivamente, más carencias, ¿no?

Coincidimos con ustedes en que esa interlocución entre el Gobierno y el vecindario es necesaria y tiene que producirse y hay que hablar,

efectivamente, de problemas de convivencia e hai que falar de problemas de mobilidade e hai que falar de mantemento do espazo público nas súas variantes, de limpeza, de zonas verdes e, posiblemente, o barrio dos Mallos, e o sabemos, pois teña moitas necesidades. Hai que falar e hai que operar, pero discrepamos fondamente, señor Deus, do enfoque das solucións. E se vostedes dende o Partido Popular insisten en falar do enfoque policial e da policía de barrio, nós preferimos falar dun enfoque integral e preferimos falar da loita contra a desigualdade, preferimos falar da atención social. De feito, durante o mandato da Marea Atlántica se descentralizaron os servizos sociais e se ubicaron no barrio dos Mallos os equipos de atención social, iniciáronse tamén programas de atención en rúa. É o noso xeito, tamén, de abordar determinadas problemáticas, non? A vostedes gústalles falar de ocupación, nós preferimos falar de dereito á vivenda, preferimos falar de rehabilitación de casas baleiras e abandonadas, de casas en deterioro e por aí están tamén as nosas vías de abordar determinadas problemáticas. A vostede lle preocupa o espazo reservado para o coche. A nós preocúpanos o espazo que se reserva para os peóns e para facer vida pública na rúa, precisamente nun barrio como é o dos Mallos, que é un barrio moi envellecido.

efectivamente, de problemas de convivencia y hay que hablar de problemas de movilidad y hay que hablar de mantenimiento del espacio público en sus variantes, de limpieza, de zonas verdes y, posiblemente, el barrio de los Mallos, y lo sabemos, pues tenga muchas necesidades. Hay que hablar y hay que operar, pero discrepamos hondamente, señor Deus, del enfoque de las soluciones. Y si ustedes desde el Partido Popular insisten en hablar del enfoque policial y de la policía de barrio, nosotros preferimos hablar de un enfoque integral y preferimos hablar de la lucha contra la desigualdad, preferimos hablar de la atención social. De hecho, durante el mandato de la Marea Atlántica se descentralizaron los servicios sociales y se ubicaron en el barrio de los Mallos los equipos de atención social, se iniciaron también programas de atención en calle. Es nuestra manera, también, de abordar determinadas problemáticas, ¿no? A ustedes les gusta hablar de ocupación, nosotros preferimos hablar de derecho a la vivienda, preferimos hablar de rehabilitación de casas vacías y abandonadas, de casas en deterioro y por ahí están también nuestras vías de abordar determinadas problemáticas. A usted le preocupa el espacio reservado para el coche. A nosotros nos preocupa el espacio que se reserva para los peatones y para hacer vida pública en la calle, precisamente en un barrio como es el de los Mallos, que es un barrio muy envejecido.

Igualmente, hai que falar de mobilidade, hai que falar de diferentes modalidades de mobilidade e de alternativas. De zonas verdes tamén hai que falar. Efectivamente, no barrio dos Mallos están moi necesitadas. Quedou un proxecto encarrilado para a praza de Padre Rubinos, os plátanos da rúa

Igualmente, hay que hablar de movilidad, hay que hablar de diferentes modalidades de movilidad y de alternativas. De zonas verdes también hay que hablar. Efectivamente, en el barrio de los Mallos están muy necesitadas. Quedó un proyecto encarrilado para la plaza de Padre

Ramón Cabanillas e da rúa San Vicente tampouco os podaba o Partido Popular. Por algo será. Quero dicir, eles piden terciar eses plátanos, nós xa dixemos que non estabamos de acordo. Tampouco o fixo o PP de Negreira.

Rubinos, los plátanos de la calle Ramón Cabanillas y de la calle San Vicente tampoco los podaba el Partido Popular. Por algo será. Quiero decir, ellos piden terciar esos plátanos, nosotros ya dijimos que no estábamos de acuerdo. Tampoco lo hizo el PP de Negreira.

Queda moito por facer no barrio dos Mallos. Emprazamos a que o Goberno e a alcaldesa se pasen por alí o antes posible e atendan á veciñanza porque é de xustiza e ten que facelo nos Mallos e noutros moitos sitios. Moitas grazas.

Queda mucho por hacer en el barrio de los Mallos. Emplazamos a que el Gobierno y la alcaldesa se pasen por allí lo antes posible y atiendan al vecindario porque es de justicia y tiene que hacerlo en los Mallos y en otros muchos sitios. Muchas gracias.

Presidencia

Moitas grazas, señora García.

Señora Sobral, polo Goberno.

Presidencia

Muchas gracias, señora García.

Señora Sobral, por el Gobierno.

Señora Sobral Cabanas

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Antes de nada, dicirlle, señora García, que a alcaldesa xa estivo no barrio dos Mallos. Ben, tamén quero agradecer ao PP que continúen coa súa política de oposición. Non vou dicir de coche escoba, xa que lle pode parecer mal ao señor García, así que direi de política a rebufo, traendo, Pleno si e Pleno tamén, mocións sobre barrios e colectivos cos que este Goberno municipal xa está en contacto constante, constante, permanente e diario para atender as súas demandas e necesidades.

Tamén quero aproveitar esta intervención para garantirlles ás veciñas e veciños e comerciantes dos Mallos que, tralas distintas visitas e reunións mantidas cos diversos colectivos que conforman o barrio, todas as Concellerías estamos a traballar nas necesidades que xa nos trasladaron, tanto á alcaldesa, Inés

Señora Sobral Cabanas

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Antes de nada, decirle, señora García, que la alcaldesa ya estuvo en el barrio de los Mallos. Bueno, también quiero agradecer al PP que continúen con su política de oposición. No voy a decir de coche escoba, ya que le puede parecer mal al señor García, así que diré de política a rebufo, trayendo, Pleno sí y Pleno también, mociones sobre barrios y colectivos con los que este Gobierno municipal ya está en contacto constante, constante, permanente y diario para atender sus demandas y necesidades.

También quiero aprovechar esta intervención para garantizarles a las vecinas y vecinos y comerciantes de Os Mallos que, tras las distintas visitas y reuniones mantenidas con los diversos colectivos que conforman el barrio, todas las Concejalías estamos trabajando en las necesidades que ya nos han trasladado, tanto a la alcaldesa, Inés Rey, en sus

Rey, nas súas reunións e visitas, como á Concellería que represento.

reuniones y visitas, como a la Concejalía que represento.

Resulta curioso que os edís do Partido Popular aquí presentes non se acordaron dos Mallos ata o de agora, que este Goberno municipal estableceu como prioridade a súa mellora e acondicionamento xa que, señoras e señores do PP, os barrios tamén existen e non só nos plenos. Gustaríame saber señor Deus, señor García, que fixeron vostedes pola Silva e nos Mallos? Durante o 2020 investíronse no barrio dos Mallos ao redor de 1 millón de euros en intervencións no espazo público. Ademais, rúas como Oidor Gregorio Tovar, Ramón Cabanillas e Mariscal Pardo de Cela están xa en fase de execución. De fronte ao futuro, dicir que se vai producir un gran investimento aproveitando a obra da estación intermodal, que afectará moi positivamente a toda a contorna do barrio, procedendo á mellora, entre outras cuestións, da avenida dos Mallos, A Sardiñeira e da rolda peonil de Ramón Cabanillas.

Resulta curioso que los ediles del Partido Popular aquí presentes no se hayan acordado de Os Mallos hasta ahora, que este Gobierno municipal ha establecido como prioridad su mejora y acondicionamiento ya que, señoras y señores del PP, los barrios también existen y no sólo en los plenos. Me gustaría saber señor Deus, señor García, ¿qué hicieron ustedes por A Silva y en Os Mallos? Durante el 2020 se invirtieron en el barrio de los Mallos alrededor de 1 millón de euros en intervenciones en el espacio público. Además, calles como Oidor Gregorio Tovar, Ramón Cabanillas y Mariscal Pardo de Cela están ya en fase de ejecución. De cara al futuro, decir que se va a producir una gran inversión aprovechando la obra de la estación intermodal, que afectará muy positivamente a todo el entorno del barrio, procediendo a la mejora, entre otras cuestiones, de la avenida dos Mallos, A Sardiñeira y de la ronda peatonal de Ramón Cabanillas.

No referente á ocupación e tráfico de drogas no barrio, que é competencia como deberían de saber da Policía nacional, este goberno, desde a área de Seguridade Cidadá, xa deu instrucións á Policía local para a cooperación e coordinación entre os distintos corpos de seguridade, ademais de intensificar de inmediato –e digo de inmediato porque, a pesar de que non se fai nada, isto xestionouse durante unha reunión con esa plataforma nova veciñal que xurdiu nos Mallos, durante esa reunión, así que– a intensificación da policía foi de maneira inmediata, e hai moita máis presenza da Policía local no barrio.

En lo referente a la ocupación y tráfico de drogas en el barrio, que es competencia como deberían de saber de la Policía nacional, este gobierno, desde el Área de Seguridad Ciudadana, ya ha dado instrucciones a la Policía local para la cooperación y coordinación entre los distintos cuerpos de seguridad, además de intensificar de inmediato –y digo de inmediato porque, a pesar de que no se hace nada, esto se gestionó durante una reunión con esa plataforma nueva vecinal que ha surgido en los Mallos, durante esa reunión, así que– la intensificación de la policía fue de manera inmediata, y hay mucha más presencia de la Policía local en el barrio.

Para todo isto e para abordar

Para todo esto y para abordar

especificamente o problema da ocupación, a Concellería de Seguridade Cidadá está á espera dunha nova convocatoria por parte da Subdelegación do Goberno, da Mesa de seguimento de ocupación e outros temas, a cal se constituíu por iniciativa do Goberno municipal coa Subdelegación do Goberno o pasado ano, a raíz, precisamente, do inicio de problemas no barrio.

Sobre os vehículos abandonados que comentaba, indicarlle, señor Deus, que desde o 15 de novembro xa se retiraron 10 vehículos.

Por todo iso, quería dicir tamén que, se de algo sabe este Goberno municipal é de diálogo, así que non teñan ningunha dúbida que a alcaldesa, Inés Rey, reunirase novamente e as veces que faga falta coas veciñas e veciños e comerciantes, non só dos Mallos, senón de calquera outro, para escoitarlles e darlles unha solución ás súas demandas.

Señores do PP, non estigmaticen os barrios. Hai que melloralos pero sen desacreditalos. E dicirlles tamén que nos chega un agradecemento xeral das distintas asociacións ***(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)*** *—perdón— polas actuacións que se están realizando. Moitas grazas. Apoiaremos a moción.*

Presidencia

Moitas grazas, señora Sobral. Votos a favor da moción?

Votación da terceira moción do Partido Popular (PP) coa emenda transaccionada co Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA)

Seguidamente por parte da Presidencia

específicamente el problema de la ocupación, la Concejalía de Seguridad Ciudadana está a la espera de una nueva convocatoria por parte de la Subdelegación de Gobierno, de la Mesa de seguimiento de ocupación y otros temas, la cual se constituyó por iniciativa del Gobierno municipal con la Subdelegación de Gobierno el pasado año, a raíz, precisamente, del inicio de problemas en el barrio.

Sobre los vehículos abandonados que comentaba, indicarle, señor Deus, que desde el 15 de noviembre ya se han retirado 10 vehículos.

Por todo ello, quería decir también que, si de algo sabe este Gobierno municipal es de diálogo, así que no tengan ninguna duda que la alcaldesa, Inés Rey, se reunirá nuevamente y las veces que haga falta con las vecinas y vecinos y comerciantes, no solo de Os Mallos, sino de cualquier otro, para escucharles y darles una solución a sus demandas.

Señores del PP, no estigmaticen los barrios. Hay que mejorarlos pero sin desacreditarlos. Y decirles también que nos llega un agradecimiento general de las distintas asociaciones **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** —perdón— por las actuaciones que se están realizando. Muchas gracias. Apoyaremos la moción.

Presidencia

Muchas gracias, señora Sobral. Votos a favor?

Votación de la tercera moción del Partido Popular (PP) con la enmienda transaccionada con el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA)

Seguidamente por parte de la

sométese a votación a terceira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, con emenda transaccionada co Grupo Municipal da Marea Atlántica, producíndose o seguinte resultado:

Presidencia se somete a votación la tercera moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, con enmienda transaccionada con el Grupo Municipal de Marea Atlántica, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (7 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (7 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal de Marea Atlántica (MA) (4 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Vota a favor la concejala no adscrita D.ª Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Presidencia

Presidencia

Moitas grazas. Queda aprobada por unanimidade.

Muchas gracias. Queda aprobada por unanimidad.

16. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre o barrio dos Mallos, con emenda transaccionada co Grupo Municipal da Marea Atlántica.

16. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular sobre el barrio de Os Mallos, con enmienda transaccionada con el Grupo Municipal de la Marea Atlántica.

Acordo

Acuerdo

Instar á alcaldesa a reunirse cos representantes de veciños e comerciantes do barrio dos Mallos para escoitar, atender e solucionar os seus problemas, en especial os relacionados coa inseguridade e a convivencia, a vivenda baleira, a mobilidade, a iluminación, o mal estado dos pavimentos das rúas, a limpeza e ornato

Instar a la alcaldesa a reunirse con los representantes de vecinos y comerciantes del barrio de Os Mallos para escuchar, atender y solucionar sus problemas, en especial los relacionados con la inseguridad y la convivencia, la vivienda vacía, la movilidad, la iluminación, el mal estado de los pavimentos de las calles, la limpieza y ornato del barrio, el

do barrio, o mal coidado das zonas verdes, o mantemento das zonas de xogo nas prazas, etc.

Presidencia

Remata aquí o debate das mocións.

3º. Preguntas de resposta oral

Presidencia

Pasamos xa ás preguntas de resposta oral, comezará a señora Faraldo Calvo. Ten tres minutos a repartir nas dúas quendas, como xa sabe. Primeira das súas preguntas para o Goberno.

PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLA CONCELLEIRA NON ADSCRITA D.ª ISABEL FARALDO CALVO

Primeira. Pregunta de resposta oral sobre a renuncia do Concello a un programa que estaba conseguindo controlar a poboación de gatos ferais e concitaba apoio na veciñanza e que medidas de benestar animal ten previstas o Concello para o ano 2021.

Señora Faraldo Calvo

Bueno, pois a pregunta é sinxela: renuncia o Concello ó programa que conseguindo controlar a poboación de gatos ferais e concitaba, ademais, o apoio da veciñanza? Sexa cal sexa a resposta, que medidas de benestar animal ten previstas o Concello para o ano 2021?

Presidencia

Moitas grazas.

Polo Goberno, señora Fontán.

Señora Fontán Prado

mal cuidado de las zonas verdes, el mantenimiento de las zonas de juego en las plazas, etc.

Presidencia

Finaliza aquí el debate de las mociones.

3º. Preguntas de respuesta oral

Presidencia

